

A S I S T E N T E S

C.I.G.

Cándido Pérez Betanzos
Piedad Suárez Rosende
Luis Pérez Gómez

CC.OO.

Luis Olivares Requejo
Mercedes Alonso Alonso
Benito Gregorio. Fernández
Manuel Velasco Graña (Delegado)

U.G.T.

Carlos Román Lago
Cesáreo García Camiña

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo ás 10 horas da mañá (por retraso de algúns membros a reunión comeza ás 11 horas e 15 minutos), procédese a estudiar os temas expostos na orde do día.

1. Lectura e Aprobación da Acta anterior:

- Adíase para a seguinte reunión

2. Informe do Presidente:

- Informa do cambio que se produce na Comisión de Acción Social: Xabier Fernández, ó rematar a súa relación laboral coa empresa, é sustituido por Benito Gregorio.
- Informa da próxima conclusión dos cursos de auxiliares técnicos de servicios xerais e xardinería, cursos necesarios para acceder ás novas categorías. Acórdase nomear os representantes do Intercentros nas comisións de avaliación.
- Nos da conta da peticIÓN feita por Carmen Serra, en nome dun grupo de traballadores e traballadoras, para estar presente na reunión que se está a celebrar cando tratemos o punto de retribucións.
- Informa das convocatorias se asembleas feitas pola Xunta de Persoal para o persoal funcionario.
- Dámos a coñecer un correo electrónico asinado por Pepe Lamas, onde solicita que se convoquen asembleas tamén para o persoal laboral para que o Comité informe da proposta de retribucións feita pola xerencia.
- Informa da proposta de vacacións e horario de verán feita pola xerencia.
- Informa da instacia asinada por Pepe Lamas, dirixida o Sr. Xerente, na que lle pregunta cando se vai a producir o seu traslado ó CACTI. O solicitante quedou seleccionado no primeiro posto na selección que se fixo por promoción interna para a praza de técnico de análise instrumental.
- Informa da solicitud feita por Alfonso Covela Martínez, técnico especialista de ferramentas, para que se lle avalien os riscos que se dan no seu posto de traballo coa intención de que lle sexa concedido o plus de perigosidade. Pídelle o Intercentros que inste a quen corresponda para que dita avaliación se faga canto antes e así non ter que acudir a vía xudicial.

A U S E N T E S

C.I.G.

Carlos Mollinedo Lois
Rosa Diéguez Martínez
Alfonso Caride Losada
MªJosé Montero Vilariño

CC.OO.

U.G.T.

Jacobo Ulloa Sousa (Delegado)

- Dános a coñecer a relación de horas extras feitas polo persoal laboral no ano 2000.
- Infórmanos dun correo electrónico remitido pola subdirectora da biblioteca universitaria, Paz Canduela, no que lle pide o Intercentros que fagamos propostas de cursos de formación para os técnicos especialistas de biblioteca.
- Informa da R.R. pola que Filemón Rivas Conde pasa a desempeñar as funcións de xestor de actividades culturais, no Campus de Ourense.
- Iforma do cambio de quenda concedido a Nicanor Palomares que pasa a ocupar provisionalmente a praza de técnico especialista de biblioteca de Filemón Rivas.
- Informa do cambio de quenda concedido a Mª Jesús Álvarez, auxiliar de servicio con destino na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en quenda de tarde. O destino de dito cambio é o Rectorado da Universidade de Vigo.
- Informa do cambio de categoría concedido a Miguel Angel García Ramos, auxiliar de servicios do Rectorado. Dito traballador pasará a ocupar temporalmente a categoría de técnico especialista de servicios xerais na EUETI. O fío desta contratación Luis Pérez afirma que a lista de agarda da que sae este traballador está mal feita.

3. Asuntos de Trámite:

- 1. Tribunais convocatorias procesos selectivos. Non se chega a ningun acordo neste apartado.

4. Negociación pendente.

- 1. TSORI (Técnico Superior da Oficina de Relacións Internacionais). O presidente do Intercentros comunica que RR.HH. aceptou que a puntuación mínima para aprobar os exercicios deste e de tódolos procesos selectivos sexa o 50% da puntuación total, eliminando así o aprobado cualificado. Pasamos logo a discutir de novo (xa o fixeramos e votaramos nunha reunión anterior) que idiomas son necesarios coñecer no terceiro exercicio desta oposición. Se propón unha nova

votación e o resultado é: 5 votos a favor da proposta da xerencia (frances ou alemán) e 3 abstencións. Luis Pérez auséntase deliberadamente para non ter que votar ó considerar que se estaba a votar unha proposta que xa estaba votada e decidida nunha votación anterior.

- 2. **RPT dos servicios informáticos.** A negociación aínda non concluiu. Os membros do CI presentes nesa negociación informan o pleno que Martín Llamas quedou en pasar algunas modificacións, cousa que aínda non fixera no momento de celebrarse o pleno. Tamén nos informan que a representación dos traballadores quedou en recoller e presentar a Comisión negociadora a estructura dos servicios informáticos noutras universidades.

5. Retribucións e Convocatoria de asembleas, documento de retribucións.

- 1. Agardamos que o Xerente nos convoque. Cándido propón reunir a subcomisión de retribucións do Comité para debater os criterios que imos defender neste asunto.

6. Plano de Formación 2001.

- 1. Se nos informa da situación actual. Agardamos que a xerencia elabore unha proposta de formación para o ano en curso.

7. Outros asuntos a proposta dos membros do Comité:

- 1. **Listas de agarda.** Cándido propón algunas modificacións o documento que se está a discutir no seo da Comisión de Emprego. Propón instar a xerencia a que aprobe con carácter definitivo as modificacións das listas de agarda.
- 2. Cándido da conta dun escrito elaborado por el mesmo no que solicita apoio para Luis Pérez Gómez. No punto catro deste escrito di textualmente "O noso apoio ó compañeiro Luis Pérez Gómez que neste e en tódolos procesos que nos ten representado demostrou sempre a súa imparcialidade, honestidade e rigor para que as condicións de igualdade,

capacidade e mérito dos participantes foran as únicas que presidiran os procesos selectivos." Os representantes de UGT e CC.OO opoñémonos a dar este apoio o considerar que a denuncia que presentaron ámbolos dous sindicatos pola actuación da comisión de selección das prazas de titulado superior e xestor de actividades culturais, ten razón de ser e está fundamentada. Manuel Velasco, delegado sindical de CC.OO. le un documento emitido por RR.HH. onde se confirma que a Comisión non cumpliu coas bases da convocatoria o avaliar un mérito que non estaba documentado. Remata a discusión sen chegar a acordo para apoiar dito escrito.

8. Rogos e preguntas:

- Non hai

ACORDOS:

- 1. Nomear a Manuel Velasco como representante do Intercentros na comisión que avaliará os auxiliares de servicio que están a facer o curso de promoción á categoría de auxiliares técnicos de servicios xerais.
- 2. Facer un escrito instando a xerencia a que aprobe con carácter definitivo as modificacións das listas de agarda.

Fdo: Luis José Olivares Requejo
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)